

g) Data de toma de mostra. De maneira opcional, poderase comunicar a hora en que se tomou a mostra.

h) Data de análise da mostra.

i) Estado da mostra: analizada, recibida non analizada.

j) Resultado da mostra: válida, rexeitada, válida incompleta, en reserva.

k) Proba utilizada para a detección de residuos de antibióticos.

l) Resultado da análise da mostra.

A identificación do depósito da cisterna do que se tomou a mostra será obrigatoria no caso de que se transporte leite con distintos destinos na mesma cisterna aínda que en depósitos separados.

Nos casos de mostra recibida non analizada, rexeitada e válida incompleta haberá que indicar, ademais, o motivo do estado ou resultado, segundo a codificación que se establecerá para tal fin.

#### B. Para as medias establecidas no artigo 16.2

1. Código do laboratorio.
  2. Código do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) da explotación.
  3. CIF/NIF do produtor.
3. Medias calculadas dos parámetros.

### ANEXO VIII

#### Datos mínimos que deberán comunicar os centros lácteos

Os centros lácteos deberán comunicar aos laboratorios en que analicen de maneira habitual as súas mostras a seguinte información:

- a) Códigos de identificación (REGA) das explotacións en que recollen leite.
- b) CIF/NIF do produtor titular da cota.
- c) CIF/NIF do operador ao cal pertence o centro lácteo.
- d) Código asignado na «base de datos Letra Q» ao centro lácteo.
- e) Códigos asignados na «base de datos Letra Q» ás cisternas de transporte asociadas ao centro lácteo.

Igualmente, deberán comunicar, coa maior brevidade posible, calquera variación que se produza nestes datos.

### ANEXO IX

#### Reconto de xermes totais en leite cru

Os controis oficiais de reconto de xermes totais en leite cru poderanse levar a cabo de dúas formas alternativas:

- a) Mediante a técnica de reconto en placa segundo o procedemento descrito na norma ISO 4833, coas seguintes condicións:

O resultado das análises dos laboratorios expresarase en UFC/ml.

As mostras de leite non se lles engadirá azidiol.

- b) Mediante a técnica de citometría de fluxo con equipos Bactoscan FC, coas seguintes condicións:

O resultado dos laboratorios expresarase en impulsos Bactoscan/ml.

As mostras deberáselles engadir azidiol na toma de mostras

Para verificar o cumprimento do límite legal (100.000 UFC/ml) as autoridades competentes usarán como relación de conversión a seguinte ecuación:

$$y = 0,776 x + 0,823$$

Sendo,  $y = \log \text{ UFC/ml}$  e  $x = \log \text{ impulsos Bactoscan/ml}$ .

## XEFATURA DO ESTADO

977

*REAL DECRETO LEI 1/2008, do 18 de xaneiro, polo que se determina o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para 2008 e se concede un crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, por importe de 200.000.000 euros con destino á acollida e integración de inmigrantes, así como ao seu reforzo educativo. («BOE» 17, do 19-1-2008.)*

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) foi creado mediante o Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, no marco da estratexia do Goberno, iniciada ao principio da lexislatura e consensuada cos interlocutores sociais, para dignificar a contía do salario mínimo interprofesional e situalo en 600 euros mensuais en 2008.

O IPREM utilízase como indicador ou referencia do nivel de renda para determinar a contía de determinadas prestacións ou para acceder a determinadas prestacións, beneficios ou servizos públicos. A creación do IPREM permitiu a desvinculación do SMI como indicador de rendas respecto daquelas prestacións, axudas e subvencións públicas que ata entón o utilizaban, para os indicados efectos, o que constituía un obstáculo para a elevación do SMI ata un nivel máis digno.

Segundo dispón o artigo 2.2 do indicado Real decreto lei 3/2004 «anualmente, na Lei de orzamentos xerais do Estado, determinarase a contía do citado indicador tendo en conta, polo menos, a previsión ou obxectivo de inflación utilizados nela. Con anterioridade á aprobación do proxecto de lei anual de orzamentos xerais do Estado, o Goberno consultará as organizacións empresariais e sindicais máis representativas sobre a contía do IPREM».

Dando cumprimento a este mandato legal, a Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008 estableceu a contía do IPREM para 2008, incrementando a súa contía respecto da fixada para 2007 segundo o obxectivo de inflación, isto é, o 2%.

II

Este real decreto lei ten por obxecto modificar a contía do IPREM para 2008, mediante a reforma do establecido pola Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, nuns termos diferentes ao obxectivo de inflación utilizado para a súa elaboración.

O Goberno quere con iso ser coherente co que foron as súas políticas sociais nesta lexislatura, de maneira que non se produzan, tampouco durante 2008, deterioracións, por leves que sexan, nas contías das prestacións sociais, en particular as prestacións do sistema de protección por desemprego, vinculadas ao IPREM desde a aprobación do Real decreto lei 3/2004.

Aínda que o IPREM non é certamente unha renda que gañe ou perda poder adquisitivo, débese facer notar que na medida en que se utiliza para determinar a contía de

certas prestacións públicas o IPREM debe ser sensible á situación económica xeral, incluída a avaliación da inflación. De feito, ao longo desta lexislatura, o IPREM seguiu unha evolución acorde con estes criterios. Por iso, para 2008, o Goberno considera que o IPREM debe ter un incremento do 3,5%.

Para iso resulta necesario modificar a Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, engadindo ao incremento do 2% do IPREM establecido pola dita norma, un incremento adicional do 1,5%. Desta maneira, a contía do IPREM queda establecida en 516,90 euros mensuais.

### III

As circunstancias concorrentes ao longo do período de tramitación parlamentaria do proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para 2008 impediron introducir na devandita norma, a través da oportuna emenda, a modificación da contía do IPREM que agora se establece. Así mesmo, a disolución das Cortes Xerais impide seguir neste momento o trámite lexislativo ordinario para a modificación dunha norma con rango de lei.

Como antes se sinalou, o IPREM utilízase como referencia para determinar a contía de numerosas prestacións, axudas e subvencións públicas. Esta vinculación é especialmente relevante no caso das prestacións do sistema de protección por desemprego. Así, están vinculados ao IPREM os topes máximos e mínimos da prestación contributiva por desemprego e a contía das prestacións do nivel asistencial (subsídio por desemprego, renda agraria, renda activa de inserción e subsidio agrario).

Trátase, en todos os casos, de prestacións que se poden percibir desde o principio do ano, durante só uns meses ou ao longo do ano completo, de maneira que a demora na aprobación desta modificación da contía do IPREM, ou a espera ata que sexa posible aprobar unha nova lei na próxima lexislatura seguindo o trámite lexislativo ordinario, pode afectar negativamente os perceptores destas prestacións públicas, que normalmente son as persoas ou familias coas rendas máis baixas e máis susceptibles de se atopar en situacións de necesidade. Nótese que, só no que se refire ao sistema público de protección por desemprego, se estima que máis dun millón e medio de persoas percibirán prestacións nalgún momento durante 2008.

### IV

No proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para 2008, remitido polo Goberno ás Cortes Xerais, figuraba incluído un crédito por importe de 200.000.000 euros con destino á acollida e integración de inmigrantes, así como ao seu reforzo educativo.

Non obstante, como consecuencia da mecánica na votación das sucesivas emendas no Congreso dos Deputados e da forma en que estas se van aplicando ás distintas seccións do orzamento, o resultado final -malia de se aprobar unha emenda para a mencionada finalidade cun incremento por importe de 183.080.000 euros- foi que nos orzamentos xerais do Estado aprobados para 2008 non figure ningunha dotación para atender as necesidades mencionadas.

### V

O dito resultado constitúe unha verdadeira anomalía técnica que é contraria, tanto ao proxecto presentado polo Goberno, como á propia vontade do Congreso dos Deputados manifestada nas emendas aprobadas.

O Senado intentou remediar esta situación e, para tal fin, aprobou no relatorio unha emenda (a 4168) que, non obstante, como consecuencia da aprobación do veto á Sección 27 na reunión da Comisión do 4 de decembro de 2007, que foi ratificado na sesión do Pleno do 10 de de-

cembro de 2007, coa conseguinte devolución do texto ao Congreso, viu frustrada a súa tramitación.

A situación require, ademais, unha urxente reparación pois, pola contra, non se contará con ningunha dotación para atender as necesidades que cobre o «Fondo de apoio á acollida e á integración de inmigrantes, así como o seu reforzo educativo», que constituíu un dos elementos fundamentais da política de integración dos inmigrantes nos últimos anos. Estas necesidades móvense en doce áreas da máxima importancia: acollida, educación, emprego, vivenda, servizos sociais, saúde, infancia e xuventude, igualdade de trato, muller, participación, sensibilización e codeseñovemento.

Por outro lado, e en canto á xestión do fondo, o seu modelo configúrase arredor de transferencias correntes a comunidades autónomas que se distribúen anualmente baseándose nunha serie de criterios obxectivos; destaca neste esquema o papel do Consello Superior de Política de Inmigración, como órgano colexiado no cal participan as distintas administracións públicas. A participación autonómica no fondo pasa tamén pola achega do 30% por parte das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, como parte do compromiso de cofinanciamento.

O modelo de xestión do fondo e as súas liñas prioritarias de intervención responden aos principios básicos comúns sobre integración aprobados polo Consello da Unión Europea e ás políticas desenvolvidas pola Comisión Europea neste ámbito. Así mesmo, enmárcase no Plan estratéxico de cidadanía e integración 2007-2010, aprobado polo Consello de Ministros do 16 de febreiro de 2007, e en cuxo contexto o fondo se configura como o instrumento esencial para promover as actuacións de integración que baixo o principio da responsabilidade institucional compartida propugna o citado plan. Por outro lado, o ano 2008 foi declarado «Ano Europeo do Diálogo Intercultural» estando previsto que sexa, precisamente, a través deste fondo como se desenvolvan as actuacións máis destacadas e tendentes a cumprir cos obxectivos propostos para este ano.

Pois ben, todas estas políticas e actuacións, que implican tanto a Administración do Estado como as das comunidades autónomas, quedarían imposibilitadas se non se repón o crédito necesario para levalas a efecto de maneira que, de non poder emendar a situación a través doutras modificacións de crédito consideradas na Lei xeral orzamentaria, exixen a promulgación de forma urxente e ineludible dun real decreto lei como o que nos ocupa.

### VI

Por último, débese deixar constancia de que coa aprobación do crédito extraordinario que aquí se concede se mantería o respecto ao límite de gasto non financeiro fixado polo Goberno no Acordo do 25 de maio de 2007 e aprobado polos plenos do Congreso e do Senado nas súas sesións do 14 e do 19 de xuño de 2007, respectivamente.

### VII

De todo o anterior dedúcese que a conxunción de factores conduciu a unha situación realmente extraordinaria e á necesidade de corrixir os seus efectos de maneira urxente, sendo o real decreto lei a única canle que a Constitución permite para facelo, o que integra o suposto habilitante que o artigo 86 da Constitución exige para a viabilidade deste medio excepcional.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta conxunta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 xaneiro de 2008,

## DISPÕÑO:

**Artigo 1.** *Modificación da disposición adicional trixésimo quinta da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.*

Modifícase a disposición adicional trixésimo quinta da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional trixésimo quinta. *Determinación do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para 2008.*

De conformidade co establecido no artigo 2.2 do Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) terá as seguintes contías durante 2008:

- a) O IPREM diario, 17,23 euros.
- b) O IPREM mensual, 516,90 euros.
- c) O IPREM anual, 6.202,80 euros.
- d) Nos supostos en que a referencia ao salario mínimo interprofesional foi substituída pola referencia ao IPREM en aplicación do establecido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, a contía anual do IPREM será de 7.236,60 euros cando as correspondentes normas se refiran ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual, salvo que expresamente excluísen as pagas extraordinarias; neste caso, a contía será de 6.202,80 euros.»

**Artigo 2.** *Concesión dun crédito extraordinario.*

Para atender actuacións de integración dos inmigrantes, concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 19 «Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais», servizo 07 «Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración»; programa 231 H «Integración dos inmigrantes», capítulo 4 «Transferencias correntes»; artigo 45 «A comunidades autónomas»; concepto 455 «Accións de integración a favor dos inmigrantes»; subconcepto 00 «Fondo de apoio á acollida e integración de inmigrantes así como ao seu reforzo educativo», por importe de 200.000.000 euros.

**Artigo 3.** *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con débeda pública.

**Disposición derradeira primeira.** *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

As contías do IPREM establecidas neste real decreto lei producirán efectos e serán de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2008.

Dado en Madrid o 18 de xaneiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE XUSTIZA

978

*REAL DECRETO 1611/2007, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal. («BOE» 17, do 19-1-2008.)*

A Constitución española, tras recoñecer o dereito de fundación para fins de interese xeral (artigo 34), reserva á lei a regulación do seu exercicio con respecto ao contido esencial do dereito (artigo 53.1). O cumprimento desta previsión constitucional instrumentouse en dous corpos normativos. Dunha parte, a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, que regula os aspectos substantivos e procedementais destas entidades, desenvólvida regulamentariamente polo Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal. Doutra parte, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, que dita o réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, desenvólvida, pola súa vez, mediante o Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. Hai que sinalar, ademais, que as leis 49/2002, do 23 de decembro, e 50/2002, do 26 de decembro, derrogaron a Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, que disciplinaba nun só corpo legal o réxime xurídico dos entes fundacionais e as vantaxes de carácter impositivo concedidas ás persoas privadas, físicas ou xurídicas (sen limitarse ás de natureza fundacional), polas súas actividades ou achegas económicas en apoio de determinadas finalidades de interese público ou social. Con todo, a Lei 30/1994, do 24 de novembro, foi obxecto dun dobre desenvolvemento regulamentario: dunha parte, en cumprimento do disposto na súa disposición derradeira quinta ditouse o Real decreto 316/1996, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal (que foi derogado polo Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro); doutra, en desenvolvemento do seu artigo 36, ditouse o Real decreto 384/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal, que nunca chegou a funcionar na práctica.

O marco regulador das fundacións péchase agora, desde a perspectiva normativa do Estado, facendo uso da habilitación regulamentaria prevista no artigo 36 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, que prevé a existencia dun rexistro de fundacións de competencia estatal dependente do Ministerio de Xustiza, no cal se inscribirán os actos relativos ás fundacións que desenvolvan a súa actividade en todo o territorio do Estado ou principalmente no territorio de máis dunha comunidade autónoma. De forma complementaria, a disposición transitoria cuarta da Lei 50/2002, do 26 de decembro, prevé que, mentres o devandito rexistro non entre en funcionamento, subsistirán os rexistros de fundacións actualmente existentes, declaración que reitera a disposición transitoria única do Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro, xa aludido.

O regulamento que se aproba mediante este real decreto permite a posta en funcionamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal ao desenvolver as súas funcións, a súa estrutura, o seu funcionamento e efectos, de acordo coas liñas mestras enunciadas no capítulo VIII da Lei 50/2002, do 26 de decembro (artigos 36 e 37). A opción de política lexislativa finalmente acollida non foi a dun regulamento «de mínimos», no que, sobre unas liñas básicas e esenciais de regulación, entrarían a integrar ou a suplementar a norma outras xa vixentes e de probada efi-